**RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA**

1. CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO, presenta solicitude de inicio do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente da vivenda de protección autonómica de réxime concertado número P09-VC-0001/26.
2. Trala comprobación da documentación achegada, queda acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, consonte co establecido nos artigos 32 e seguintes do citado Decreto 1/2010.

Á vista do exposto, e ao abeiro do artigo 5.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,

**RESOLVO:**

1. Declarar a apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias no expediente de vivenda protexida de promoción privada de réxime concertado núm. P09-VC-0001/26.

   As características da promoción son as seguintes:

- **Localización:** Rúa Elduayen núm. 39 – Ferrería núm. 16, Vigo
- **Data da Cualificación Provisional:** 29 de xullo de 2026
- **Forma de acceso:** Compra
- **Número e tipoloxía das vivendas:** 5 para quenda Xeral.
  - **V1 Duplex (R/ Ferrería 16):** Planta -1 e Baixa, (62,65 m²): rocho R1 (4,79 m²) (1 dormitorio, salón, comedor, cociña, 1 baño, lavadoiro e rocho)
  - **V2 Duplex (R/ Ferrería 16):** Planta 1ª e 2ª, (89,78 m²): rocho R2 (4,32 m²) (2 dormitorios, salón, comedor, cociña, 1 baño, 1 aseo, lavadoiro e rocho)
  - **V3 (R/ Elduayen 39):** Planta 1ª, (49,67 m²): rocho R3 (5,32 m²) (1 dormitorio, salón, comedor, cociña, 1 baño, lavadoiro e rocho)
  - **V4 (R/ Elduayen 39):** Planta 2ª, (55,89 m²): rocho R4 (6,16 m²) (1 dormitorio, salón, comedor, cociña, 1 baño, lavadoiro e rocho)
  - **V5 Duplex (R/ Elduayen 39):** Planta 3ª e 4ª, (109,57 m²): rocho R5 (4,51 m²). (2 dormitorios, Salón, comedor, cociña, 1 baño, 1 aseo, lavadoiro e rocho)

- **Anexos vencellados ás vivendas:** Si (Rochos en planta baixa R1, R2, R3, R4, R5)

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: clBFvDKMHDq1 https://sede.xunta.gal/cve

**Prezos de venda (sen IVE):**

| Vivenda | Superficie | Prezo de venda vivenda + rocho |
|---|---|---|
| V1 DUPLEX | 62,65 + rocho 4,79 | 140.000,00 € |
| V2 DUPLEX | 89,78 + rocho 4,32 | 208.000,00 € |
| V3 | 49,67 + rocho 5,32 | 120.000,00 € |
| V4 | 55,89 + rocho 6,16 | 137.000,00 € |
| V5 DUPLEX | 109,57 + rocho 4,51 | 258.000,00 € |

**Forma de pagamento:** Na data da escritura de compravenda mediante cheque bancario.

2. Outorgar ás persoas interesadas que, na data desta resolución de inicio, estean inscritas e anotadas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do citado Decreto 1/2010. Non se admitirán solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

   A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de protección autonómica non resolto no que a persoa interesada figurase como reserva (de conformidade co artigo 39.2 do Decreto 1/2010).

3. Contra esta resolución non cabe interpoñer ningún recurso administrativo, aínda que as persoas interesadas, de conformidade co previsto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderán realizar alegacións para opoñerse a el, sen prexuízo da posibilidade de recorrer a resolución que poña fin a este procedemento.

Pontevedra

O director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

José Manuel González González

*(Documento firmado electrónicamente)*

**Asinado por:** JOSE MANUEL GONZALEZ GONZALEZ
**Cargo:** Director Territorial
**Data e hora:** 26/10/2026 14:58:59

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
**CVE:** clBFvDKMHDq1 https://sede.xunta.gal/cve

**ANEXO**

D./Dna. _____ con NIF/NIE _____, número de credencial no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia _____, teléfono _____ e correo electrónico _____, á vista da apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente número **P09-VC-0001/26** de vivenda de protección autonómica de Réxime Concertado, promovido polo CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO, na modalidade de compravenda:

EXPÓN:

1º Que, interesado/a nas vivendas protexidas da devandita promoción, SOLICITA a inclusión no procedemento para a súa adxudicación, nas quenda/s que de seguido se especifica:

□ Xeral

2º Que, no caso de resultar adxudicatario/a, AUTORIZA ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) a facilitar os seus datos persoais (nome, apelidos, teléfono e correo electrónico) á entidade promotora, para os exclusivos efectos de realizar a comunicación prevista no artigo 38.2 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, para a formalización da compravenda.

DECLARA (marcar o que corresponda):

☐ Que nin el/ela nin as persoas integrantes da súa unidade familiar ou de convivencia dispoñen doutra vivenda.

☐ Que el/ela ou as persoas integrantes da súa unidade familiar ou de convivencia dispoñen doutra vivenda.

Indicaranse o nome, apelidos e NIF/NIE da persoa ou persoas da unidade familiar ou de convivencia propietaria/s doutra vivenda:

| Nome apelidos | NIF/NIE |
|---|---|
| | |
| | |

3º Que coa presentación desta solicitude RENUNCIA a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de protección autonómica non resolto no que figure como reserva ao abeiro do artigo 39.2 do citado Decreto 1/2010.

_____, ___ de _____ de 20__

Sinatura

Emitida: 28/10/2026 08:20:15

CVE: XGREX-7e335319-ddaa-357c-8c37-91dcfa520997